

GRIAL

107

XULLO, AGOSTO, SETEMBRO

TOMO XXVIII / 1990

PERSPECTIVAS SOBRE A LINGUA

XESÚS ALONSO MONTERO:

Do Estado da lingua: algunhas cuestións.

HENRIQUE MONTEAGUDO:

Sobre a polémica da Normativa do Galego.

XAN BOUZADA FERNÁNDEZ / ANXO M. LORENZO SUÁREZ:

A lingua galega nas actividades económicas e comerciais.

XESÚS FERRO RUIBAL:

Lingua galega e relixión.

HENRIQUE MONTEAGUDO:

Entrevista con Rafael Ll. Ninyoles.

XOSÉ MARÍA CARBALLEIRA ANLLO / MANUEL GONZÁLEZ LORENZO /

PRIMITIVO IGLESIAS SIERRA / MARÍA LAMEIRAS FERNÁNDEZ:

Actitudes e usos da poboación ourensá de ensino medio.

XABIER SENÍN:

500 libros galegos.


XOAQUÍN MONTEAGUDO:

A oficialidade da lingua galega: o marco legal.

DANIEL GARCÍA RAMOS:

A lingua galega na administración da xustiza.

GRIAL



Director:

CARLOS CASARES

Secretario de Redacción:

XOSÉ MANUEL SOUTULLO

Consello de Redacción:

XAN BOUZADA, XAVIER CASTRO,

CARLOS X. FERNÁNDEZ, GUSTAVO ADOLFO GARRIDO,

MODESTO LÓPEZ BOUZAS, HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO,

MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, DAMIÁN VILLALAÍN

Deseño: M. JANEIRO

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Redacción, suscripción e distribución:

Reconquista, 1. 36201 VIGO. Telfs.: 43 21 00 - 43 32 38. Fax: 22 32 05

Imprime: A. G. GALICIA, S.A., Segovia, 19 - VIGO

ISSN: 0017-4181 / DEPÓSITO LEGAL: VG-99-1963

PERSPECTIVAS SOBRE A LINGUA

ENSAIOS:

- 275 XESÚS ALONSO MONTERO: Do Estado da lingua: algunhas cuestións.
294 HENRIQUE MONTEAGUDO: Sobre a polémica da Normativa do Galego.
317 XAN BOUZADA FERNÁNDEZ / ANXO M. LORENZO SUÁREZ: A lingua galega nas actividades económicas e comerciais.
335 XESÚS FERRO RUIBAL: Lingua galega e relixión.

ENTREVISTA:

HENRIQUE MONTEAGUDO: Entrevista con Rafael Ll. Ninyoles.

ARTIGOS:

- 371 XOSÉ MARÍA CARBALLEIRA ANLLO / MANUEL GONZÁLEZ LORENZO / PRIMITIVO IGLESIAS SIERRA / MARÍA LAMEIRAS FERNÁNDEZ: Actitudes e usos da poboación ourensá de ensino medio.
381 XABIER SENÍN: 500 libros galegos.
387 XOAQUÍN MONTEAGUDO: A oficialidade da lingua galega: o marco legal.
399 DANIEL GARCÍA RAMOS: A lingua galega na administración da xustiza.

LIBROS:

DOLORES VILAVEDRA, XAVIER CARRO, VICENTE ARAGUAS, LUÍS ALONSO GIRGADO, XAVIER CASTRO, CARLOS SIXIREI, GUSTAVO ADOLFO GARRIDO.

TEATRO:

DAMIÁN VILLALAIN.

A CULTURA NO MUNDO:

MANUELA PALACIOS GONZÁLEZ, FEDERICO ANLLADA.

431 ÍNDICE DE COLABORADORES.

A lingua galega na administración da xustiza

Daniel García Ramos

Toda convivencia libre e democrática aséntase sobre un Estado de Dereito, e este non é concebible sen o recto funcionamento dunha Administración de Xustiza eficaz, independente e enraizada no pobo, pois da súa soberanía emana o Poder Xudicial (artigo 117 da Constitución); sendo —eu, polo menos, así o entendo— unha das funcións máis esenciais dos Xuíces e dos Tribunais a de garantiren e defenderen a liberdade e a dignidade da persoa e toda a extensión das relacións humanas, e, sobre todo, fronte os abusos do Poder. Disto despréndese que a Xustiza ten que estar entroncada, enraizada no pobo, e que, pola súa propia natureza, ten que estar ó servizo dese pobo e de todos os cidadáns. Entre os dereitos do pobo e das persoas que a Xustiza ten que garantir, e, por suposto, ela mesma respetar, está o dereito á identidade persoal e colectiva; sendo unha das súas manifestacións o dereito a usar a propia lingua. Así o recoñece expresamente a Lei Orgánica do Poder Xudicial no artigo 231, o mesmo que o artigo 7 da nosa Lei de normalización que, ademais, engade no seu art. 3: "A Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de Xustiza".

Neste marco legal: ¿cal é a realidade da normalización do uso do noso idioma nas relacións xudiciais?

Sendo certo que a meirande parte dos cidadáns galegos falan ou entenden o galego (apuntouse o dato estadístico que fixa esta porcentaxe no 97%), sendo certo que o galego é lingua cooficial xunto co castelán no noso territorio, sendo certo que o galego é a nosa lingua propia,

sendo certo que nas relacións xurídicas o problema do idioma adquire, se cabe, maior importancia que nas outras relacións entre os cidadáns e os poderes públicos —pola natureza dos dereitos en conflito:

- polo escurantismo que caracteriza as actuacións xudiciais,
- pola necesidade de procurar das testemuñas plena fiabilidade; fiabilidade que aparece vencellada á espontaneidade das súas manifestacións,
- porque é imposible afondar con humanidade nos litixios se non hai fluidez comunicativa entre o xuíz e o cidadán,
- polos sagrados dereitos de defensa que se han de recoñecer e dar a todo xusticiable,
- pola parafernalia e a escenografía ritual nas que aparecen envoltas moitas das actuacións da Xustiza e que xeran noxentas situacións psicolóxicas nas persoas,
- porque a Xustiza é un servicio público.

Sen embargo, a todo isto, o proceso normalizador no ámbito da Xustiza é desolador; máis vale non ler as enquisas, porque son estremecentes, ata o punto de que, sen dúbida, pódese afirmar que é o ámbito máis hostil á normalización precisamente cando debera ser o máis permeable, polas razóns indicadas. O ton democrático e popular da Xustiza calíbrase por esa capacidade de ósmose na sensibilidade de achegamento ó pobo.

Velaí por onde está a continuar a Xustiza arrastrando e mantendo a actitude que caracterizou por séculos unha concepción centralista do Estado español, marxinando a lexitimidade histórica dos pobos —entre eles, Galicia— que están a ter unha indestructible identidade nacional. Manífestase así a Xustiza con faciana de aparato de Poder alleo ó pobo. A mutación deste estado de cousas non admite demora, para impedir que o desprestixio mine a súa autoridade e a súa imaxe. Non abonda xa con actitudes testemuñais; imponse abordar o problema en profundidade, por tratarse de algo trascendente: cumprir e facer cumprir a Lei. Acañar e facer que se acate a legalidade vixente.

Estamos agora nun intre histórico para endereitar o rumbo; a recente organización territorial da Administración de Xustiza instaura os Tribunais Superiores de Xustiza nas Comunidades Autónomas: o Tribunal superior de Galicia é o órgano xurisdiccional no cume da organización xudicial no noso País (artigo 21 do Estatuto); comételle, pois, ser o impulsor dunha nova concepción de xustiza vencellada ó pobo e, inseríndose institucionalmente na nosa realidade nacional, irradie galeguidade, pois el amosará, desde esta responsabilidade histórica, a estela a seguir.

Desde unha triple dimensión pódese salientar a función do Tribunal Superior de Xustiza:

Como o máis alto órgano xudicial de Galicia terá que asumir, en toda a extensión e profundidade, o contido de competencias e de facultades que lle confiren; e así, no ámbito extraxurisdiccional, fará escoitar a súa voz en todas as materias que atinxan á Administración de Xustiza:

- demarcación xudicial,
- ubicación das redes dos xulgados e Tribunais,
- control da calidade da Xustiza, como servicio público,
- detectar e denunciar as súas necesidades, en particular, o atinente á dotación de medios humanos e materiais.

Para isto amósase como urxente unha actuación do T.S. en función mediadora cara á elaboración de concertos de colaboración entre a Xunta e o Consello Xeral do Poder Xudicial, concertos que teñen sido xa asinado noutras Comunidades, así Catalunya.

No ámbito da función xurisdiccional estricta, hase salientar o carácter de derradeira instancia do T.S. no referente a materias de Dereito Civil Especial de Galicia. Ábrese así un amplo campo na elaboración xurisprudencial do Dereito consuetudinario de Galicia, xa que a súa capacidade normativa de creación de Leis está cegada pola imposición centralista de séculos atrás. Materias como: montes veciñais en man común, sociedade familiar galega e outras xenuínas figuras do noso dereito familiar e sucesorio van ser conformadas xurisprudencialmente, pola vía dos usos e costumes; e coa supremacía normativa que arrinca do carácter de Tribunal de Casación que o T.S. ten nestas materias.

Finalmente, o T.S. ten que acometer, con decisión e sen dilacións, a normalización da nosa lingua; porque ela é a lingua propia deste pobo; porque os cidadáns galegos teñen o dereito inalienable a usalo; e porque a Administración de Xustiza, acatando a Constitución e o noso Estatuto, ten que respetar ese dereito individual e colectivo. Esta acción normalizadora nos eidos da Xustiza concrétase en:

PRIMEIRO. Na asunción polo T.S. e por todos os demais organismos xudiciais do uso normal do idioma galego nas relacións e nas actuacións xudiciais. Todo atranco ou reticencia que se opoña constitúe unha infracción das Leis. Para que este proceso normalizador discorra sen traumatismos, o T.S. así como as Audiencias Provinciais, deben ter ó seu dispor un Gabinete de Traducións, aquel, e servicios de traducción, oficiais, as Audiencias.

SEGUNDO. Como medida inmediata, de afirmación e cumprimento das leis, o T.S. procurará, desde a súa propia autoridade, que se respete a Toponimia oficial aprobada polo Goberno galego. Xa non máis arbitrariedades, dentro e fóra da Xustiza.

A Lei de Normalización está vixente; feito que algúns parecen descoñecer; e velaí o precepto categórico e inequívoco do art. 10 da Lei de Normalización: "Os topónimos de Galicia terán como única forma ofi-

cial a galega". Tan categórico como este precepto son os do Código Penal que incriminan os abusos e as arbitrariedades: dispón o art. 194 do C.P.: incorrerá en delito a autoridade ou o funcionario público que impedira a unha persoa o exercicio dos dereitos cívicos recoñecidos polas leis (queda dito, con reiteración, que o dereito de opción idiomática é un dereito recoñecido constitucional e estatutariamente); doutro lado, tipifica o art. 358, tamén do Código Penal, como unha figura de prevaricación: dictar unha resolución inxusta en asunto administrativo. Recórdese que a inxustiza da resolución está en función do conculcamento dunha e de que esta teña unha imperatividade inequívoca.

TERCEIRO. Por último, o T.S. deberá participar en todo o proceso de normalización na Administración de Xustiza, pulando todas cantas medidas o potencien; en particular, no establecemento de concertos coas institucións oficiais e as que non o sexan, para conquistar os obxectivos de normalización.

Como medidas concretas pódense enumerar as seguintes:

1. Implantación da rotulación en galego nas Dependencias xudiciais.
2. A instalación con carácter oficial de Servicios de Traducción nas sedes das Audiencias e Xulgados.
3. Publicación en galego dos principais textos legais, e a confección de modelos de práctica xudicial.
4. Colaboración coas Facultades de Dereito, e, en especial, coas Escolas de Práctica Xurídica, en relación coa implantación nos seus Plans de Estudos da disciplina de linguaxe xurídica.
5. Colaboración cos colexios de avogados e procuradores para a potenciación do uso do galego.
6. Formación lingüística dos funcionarios xudiciais.
7. Impulso do proceso de normalización nos Rexistros civís, Rexistros da propiedade e nas notarias.

Se é certo —eu non teño dúbida— que o asoballamento dunha lingua entraña unha actitude de dominación política, temos que concluír que, neste intre histórico e dentro da legalidade vixente, a loita para acadar a normalización real non é unha actitude sumisa, pola nosa banda, de obter unha dádiva que graciosamente outros nos outorgan; ha ser, pola contra, unha esixencia do cumprimento das Leis.

D. G. R.